

## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA INSTAR Á CREACIÓN DUN XULGADO ESPECIALIZADO EN VIOLENCIA MACHISTA EN SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No primeiro semestre de 2019, en Galicia rexistráronse 1.736 denuncias por violencia machista, un 38,44% máis que no mesmo período do ano pasado. Confírmase así a tendencia á alza que se vén producindo nos últimos anos. Segundo datos do *Consejo General del Poder Judicial*, en 2018 tramitáronse 6.537 denuncias por violencia machista en Galicia; en 2017 foron 6.436; e en 2016, 5.683 denuncias. En 2018, en Santiago firmáronse 159 sentenzas por violencia machista.

Na nosa cidade, o xulgado encargado de tramitar as denuncias por violencia de xénero é o xulgado de instrución número 3, que á súa vez se ocupa de casos tan complexos como o do accidente do Alvia, a investigación polos fármacos da hepatite C, investigacións contra a trata de seres humanos e prostitución, ou mesmo o suposto caso de corrupción que tivo como protagonista a un Policía Local da área de Urbanismo do Concello de Santiago. Segundo a memoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia correspondente a 2017, a última publicada, o xulgado de instrución número 3 de Santiago iniciou nese ano 2.956 casos, resolveu 3.453 e deixou pendentes de resolver 501, uns datos que evidencian a enorme carga de traballo que acumula a sala.

O titular do xulgado de instrución número 3 de Santiago e xuíz decano, Andrés Lago Louro, vén manifestando reiteradamente nos últimos meses as dificultades que supón compatibilizar a atención a casos de violencia machista con outros temas, tal e como recollen estes dous exemplos de declaracións en medios:

*"O que non é admisible na sociedade actual é que un xulgado de instrución como o meu teña que atender toda a mañá declaracións de furtos, de estafas, de pelexas, de tráfico de drogas, e ao mesmo tempo atender a unha ou dúas vítimas de violencia de xénero. Iso é inconcebible, non se pode tolerar. Moitas veces, o tema que subxace ademais de ser de orde xurídico, é un problema humano [...] que teña un amparo xudicial, un tratamento psicolóxico, e atención por parte dun equipo forense altamente especializado ademais dun xuíz que estea formado neste tipo de actuacións para que poida dar unha resposta correcta a esta situación. E para que poida actuar así, debe dedicarse unicamente a este tema e non a outros procedementos"* (El Correo Gallego, 21 de febreiro de 2019)

*"é importante a especialización para valorar situacións de risco como as que estamos vendo; o tratamento especializado, o estudo, a formación... é son ferramentas que permitirían mellorar a atención. Tamén sería preciso un equipo de valoración integral que evite ter que esperar ata ano e medio por un informe sobre maltrato psíquico, porque agora só temos un equipo compartido co xulgado de familia"* (Cadena SER, 7 de outubro de 2019)

A Lei Integral contra a Violencia de Xénero, aprobada en 2014, tiña o propósito de garantir a especialización no tratamento das denuncias por violencia machista. Tamén o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero sinala, na súa medida número 122, a necesidade de "reforzar a especialización no ámbito procesal intermedio, xulgados do penal, que é o que atende un maior número de casos" de violencia machista. Esas declaracións de intencións, aínda non executadas na súa totalidade, teñen que ver coa evidencia de que a especialización dos xulgados, a formación de xuíces e xuízas e a aplicación da perspectiva de xénero no tratamento destes casos téñense demostrado como unha das ferramentas máis relevantes na loita contra a violencia machista.

Tanto a evolución do número de denuncias por violencia machista como a acumulación de causas no xulgado de instrución número 3 e as recomendacións para o tratamento especializado destes casos, xustifican a reclamación da creación dun xulgado específico sobre violencia de xénero en Santiago, que podería comarcallizarse para atender tamén as denuncias de Padrón e Ribeira. Este xulgado específico sumaríase aos únicos dous especializados que existen en Galicia, na Coruña e en Vigo.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e á Administración do Estado para que Santiago sexa dotado cun xulgado especializado en Violencia de Xénero.

Santiago de Compostela, 8 de outubro do 2019

  
Marta Lois González

Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta



**AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**